



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE VINTE DE AGOSTO DE DOUS MIL VINTE E UN
(ACTA NÚMERO 32)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luís Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Gloria Baamonde Tomé

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinte de agosto de dous mil vinte e un**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnen-se as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa como Secretario, o Secretario Xeral Adxunto don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste como Interventora dona Gloria Baamonde Tomé, Xefa do Servizo de Fiscalización.

Non asisten as señoras Deputadas dona M^a. del Pilar García Porto e dona Mayra García Bermúdez, e o señor Deputado don Pablo Rivera Capón.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA TRECE DE AGOSTO DE DOUS MIL VINTE E UN.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día trece de agosto de dous mil vinte e un que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DO PATROCINIO DO FESTIVAL DE MÚSICA RESURRECTION FEST LIMITED 2021

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 18 de agosto de 2021, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

Proposta de inicio de expediente de contratación con CSV: IV7E5QDM3D6TXVPPUYEEATRD6M

Memoria xustificativa do contrato e necesidade da contratación, con CSV: IV7E62LMJBUCRGNMAVYFFYZXFY

Informe da insuficiencia de medios propios, con CSV: IV7E62LPFIETQVFNYRPQ6B2EGE.

Prego de prescricións técnicas con CSV: IV7E62LMPD64XS5ZY5HD4IDTP4.



Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7E6WYTFFUPXROKSN6QCNLGOU

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7EY3JMNQX65L7K4TU4CZCXKI

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7EY3J3KFP5ZNH7CP5WKJAHH4.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7EY3SDB5G2X5JLCT5SMUYVEA

Proposta de Presidencia, con CSV: IV7EY62O3RH7LDM6WNYCOMLCOM

Acordo da Xunta de Goberno de data 16 de xullo de 2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7EYIA5FM5OLFJL4UAFM57VEA

Acta da Mesa de Contratación do día 29 de xullo de 2021, con CSV IV7E2HPONZ6SRSRSSEFQ6FKBIQ, que recolle o seguinte:

“Primeiro.- Apertura e cualificación administrativa correspondente á documentación administrativa (sobre A).

Deuse conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, o licitador convidado a este procedemento e que presentou a oferta foi Old Navy Port Producciones S.L..

Infórmase aos membros da Mesa de Contratación, que a documentación administrativa presentada polo licitador, consta correcta tanto en forma coma en prazo, polo que a Mesa de Contratación acorda admitir a proposta ao proceso de adxudicación e proceder á apertura do sobre B (sobre electrónico), relativo aos criterios de adxudicación avaliáveis de forma automática-Fase 1, resultando o que se indica a continuación.

Segundo.- SOBRE B-FASE 1: CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS MATEMÁTICAS OU AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA.

Acto seguido procédese ao exame do Anexo III (modelo de proposición económica con criterios avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas),cos seguintes resultados:

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN	OFERTADO (CON IVE)
1.-Rebaixa do prezo.(MÁX. 50 PUNTOS). P.B.L.: 50.000,00 €.	41.322,31 €, máis 8.677,69 € en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 50.000 euros.

Puntuarase a baixada no orzamento base de licitación de acordo co seguinte baremo:

- Baixa inferior ao 5 % do orzamento base de licitación. 20 puntos.
- Baixa entre o 5% e o 10% do orzamento base de licitación. 30 puntos.
- Baixa superior ao 10% e inferior ao 15 % do orzamento base de licitación. 40 puntos.
- Baixa igual ou superior ao 15 % do orzamento base de licitación. 50 puntos.

En caso de que a oferta presentada iguale o prezo de licitación, será valorada con 0 puntos, aínda que será admitida.

No modelo Anexo III, indicábase o seguinte :“o licitador deberá desglosar a oferta por actuación, desglosando o IVE repercutido, e atendendo ao desglose de actuacións recollidas no apartado segundo do PPT “CONDICIÓN DE PRESTACIÓN DO SERVIZO E OBRIGAS DO ADXUDICATARIO”

Resultando que na oferta presentada por OLD NAVY PORT PRODUCCIONES, S.L. non se indica o desglose do prezo por conceptos en función das actuacións recollidas no PPT.

-Acto seguido advírtese que no sobre B-Fase I, o licitador incorporou un documento nomeado “Anexo III-bis”, non procedendo a súa valoración por non proceder a súa incorporación nesta fase I do procedemento de contratación.

Visto canto antecede, a Mesa de contratación acorda, por unanimidade dos presentes, requirir a OLD NAVY PORT PRODUCCIONES, S.L para que aclare no prazo máximo de TRES DÍAS HÁBILES, de conformidade co disposto no artigo 141 da LCSP, o desglose do prezo



ofertado diferenciado por conceptos en función das actuacións a realizar, segundo o indicado no apartado II do PPT.”

Acta da Mesa de Contratación do día 5 de agosto de 2021, con CSV IV7EEXTOFEWLRNOJTQ55O7ZO4I, que recolle o seguinte:

“(…) A empresa presentou en prazo a aclaración requirida, a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, informando o Servizo de Turismo que se corresponde co esixido no PPT.

Procédese á valoración desta primeira fase do procedemento, co resultado seguinte:

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN	OFERTADO (CON IVE)
1.-Rebaixa do prezo.(MÁX. 50 PUNTOS). P.B.L.: 50.000,00 €.	41.322,31 €, máis 8.677,69 € en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 50.000 euros.

Segundo se recolle no PCAP, en caso de que a oferta presentada iguale o prezo de licitación, será valorada con 0 puntos, aínda que será admitida.

Visto canto antecede, a Mesa de contratación acorda, por unanimidade dos presentes, conceder 0 puntos nesta fase e iniciar a Fase de Negociación (Fase 2), de acordo co previsto nas cláusulas 12 e 16 do PCAP, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para cursar o pertinente convite. O convite cursarase por medios electrónicos, á dirección que o contratista habilite a efectos de notificación preferentemente a través da plataforma de contratos do sector público.

Na rolda de negociación, o licitador deberá presentar a través da plataforma de contratos do sector público ou, de non ser posible, por sede electrónica da Deputación de

Lugo, no prazo máximo de TRES DÍAS HÁBILES, a documentación obxecto de negociación.”

Acta da Mesa de Contratación de data 11 de agosto de 2021, con CSV IV7EELX4EFVMRSM44L5B55YBKU, que recolle o seguinte:

“(…) Acto seguido procédese á apertura da oferta que o licitador OLD NAVY PORT PRODUCCIONES, S.L. presentou en prazo resultando da súa apertura o que se indica a continuación:

Facilitación á Deputación de Lugo de convites ResurrectionFestLimited 2021: 15 convites por día (total 45 convites para os días 26,27 e 28 de agosto).

Tendo en conta que na fase de adxudicación a empresa obtivera 0 puntos, e sumada a puntuación acadada na fase de negociación resulta un total de 15 puntos.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución.

1º.- Outorgar á licitadora admitida a seguinte puntuación e clasificala atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	OLD NAVY PORT PRODUCCIONES, S.L.	Fase I +Fase II : 0 puntos+ 15 puntos = 15 puntos

2º.- Requerir á empresa OLD NAVY PORT PRODUCCIONES, S.L., para que, dentro do prazo de DEZ DÍAS HÁBILES, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas



Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva polo importe que se relacionan acto seguido ou autorice á Deputación de Lugo a reter en concepto de garantía o importe especificado (segundo o Anexo IV do PCAP), significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

PREZO DE ADXUDICACIÓN	IMPORTE DA GARANTÍA
41.322,31 € euros	2.066,12 euros

.”

Reunida a Mesa de Contratación a día de hoxe, 18 de agosto, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que a licitadora presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa OLD NAVY PORT PRODUCCIONES, S.L a contratación do PATROCINIO DO FESTIVAL DE MÚSICA RESURRECTION FEST LIMITED 2021, por un importe de 41.322,31 euros aos que se engadirán 8.677,69 € euros en concepto de IVE, ascendendo a un importe total de 50.000,00 euros, con facilitación á Deputación de Lugo de convites Resurrection Fest Limited 2021: 15 convites por día (total 45 convites para os días 26,27 e 28 de agosto).

2º.- Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as 10:13 horas do día de referencia, de todo o cal eu e a Secretaria da Mesa, Certifico.

A presente asínase de xeito dixital, deixando constancia do acontecido na sesión da mesa de contratación sinalada no encabezado.

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar a empresa Old Navy Port Producciones S.L. a contratación do patrocinio do Festival de Música Resurrection Fest Limited 2021, nos seguintes términos:

ADXUDICATARIO	PREZO DE ADXUDICACIÓN	MELLORAS OFERTADAS
OLD NAVY PORT PRODUCCIONES, S.L.	41.322,31 euros aos que se engadirán 8.677,69 euros en concepto de IVE, ascendendo a un importe total de 50.000,00 euros	facilitación á Deputación de Lugo de convites Resurrection Fest Limited 2021: 15 convites por día (total 45 convites para os días 26,27 e 28 de agosto).

2º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

3º.- O prazo de execución do contrato comezará a contar a partir do día seguinte ao da subscripción da acta de inicio do contrato, ou no seu defecto unha vez formalizado o contrato, salvo circunstancias excepcionais non previstas, en aplicación do artigo 153 da LCSP ata do 31 de decembro de 2021.

A execución do contrato será dentro do prazo de duración do mesmo, todas as accións publicitarias e promocionais que se leven a cabo, en especial durante a realización do festival - Resurrection Fest Limited 2021-que se desenrolará do 26 ao 28 de Agosto de 2021, sempre que as condicións sanitarias así o permitan.



4º.- O importe do contrato ascende a 41.322,31 euros aos que se engadirán 8.677,69 € (21 %) en concepto de IVE, o que ascende a un total de 50.000,00 euros, e financiase con cargo á aplicación Orzamentaria: 4320.22602 (Información e promoción turística, Publicidade e propaganda).

5º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

6º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo aos interesados”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DO EQUIPAMENTO PARA O CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES DE MEIRA, LOTE 5 CORTINAXE.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 18 de agosto de 2021, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“ANTECEDENTES:

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7H4XRZLXWYTG2Q5RMEYEME¹

Prego de prescricións técnicas, asinado pola Técnica da Sección de Benestar, con CSV

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

IV7H4XZ6LEBIJDPKANVW6BLEGQ

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV:
IV7GEK3LL5E5VWMT5XU4IUPOGM

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV:
IV7H4PXCEAOSLTMDANPR547VD4

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7H4P3PYFU2X2R32UPAKRAUE4

Informe de fiscalización previa, con CSV: IV7H5QDCJEX2L5OZ475DIUQ6EU

Acordo da Xunta de Goberno de data 5 de marzo de 2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7H5XLKB4HKZFO4S4O4F3RD4A

Acta da Mesa de Contratación do día 9 de abril de 2021, con CSV IV7HEYJZHYU75ON2YJ64KQZH4I, que acordou o seguinte:

“Excluír á licitadora INNOVA MONFORTE, S.L., por revelar parcialmente o contido da oferta, vulnerando a obriga de manter o secreto das proposicións ata o momento da apertura das mesmas (artigo 139 da LCSP).

Requirir, polo Servizo de Contratación, con prazo de tres días hábiles, as seguintes aclaracións e subsanacións:

- Á licitadora Textiles Jafepama 2000,S.L. (lote 5 cortinaxes), que aclare se a última presentación se corresponde coa súa proposición para o procedemento, posto que na lista de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público, dita razón social figura en dous momentos distintos.

- Á licitadora ALARSA HOSTELERA S.L. (lote 3 lavandaría), no que se refire ao apartado 16 do Anexo I, relativo á “información básica sobre a protección dos seus datos”, para que o presente correctamente.

- Á licitadora ALUMAT accesorios, S.L. (lote 5 cortinaxe), no que se refire ao apartado 13 do Anexo I, relativo á obriga imposta polo artigo 45 da Lei Orgánica 3/2007 do 22 de marzo, de Igualdade para mulleres e homes, ás empresas que contén con máis de 250 traballadores, para que o presente correctamente.



- Á licitadora SOCIAL MOBEL S.L. (lote 2 equipos médicos, xogos e material pedagógico e axudas técnicas), no que se refire aos apartados 14, 15 e 16 do Anexo I, para que os presente correctamente. “ (...).

Acta da Mesa de Contratación do día 16 de abril de 2021, con CSV IV7HFUJOP7VD6TJPCJYEDYTU5Y, que acordou o seguinte:

“1.- En canto ao LOTE 5 CORTINAXES, conceder o trámite de xustificación da oferta presentada, previsto no art. 149.4 da LCSP, en relación coa cláusula décimo terceira do PCAP que rexe esta licitación, por un prazo de 5 DÍAS HÁBILES, ao encontrarse a súa oferta en presunción de desproporcionada ou anormalmente baixa, a ARTEBLAMEL S.L., RAFITEXTIL DTT e VISUAL PROJECT MANAGEMENT SL.

Acórdase que polo Servizo de Contratación se efectúen os trámites de xustificación de oferta desproporcionada existente e se convoque novamente á Mesa para exame do preceptivo informe técnico.” (...).

Acta da Mesa de contratación do día 3 de maio de 2021, con CSV: IV7EU2BMFEN63SZKVQXM6PX6EI, na que se acordou o seguinte:

(...) “LOTE 5 CORTINAXE:

Excluír as propostas presentadas polas empresas RAFITEXTIL DTT 3.8, S.L. e VISUAL PROJECT MANAGEMENT, S.L., asumindo como propio o informe realizado polo Servizo de Benestar Social e Igualdade, con CSV IV7HGPXLEEHR66YW7QECJRTCU.

Contra o presente acto, por tratarse dun acto de trámite contemplado no artigo 44.2 da LCSP, procede interpoñer – con carácter potestativo- recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, con enderezo en <https://tacgal.xunta.gal/>. A iniciación do procedemento para a interposición do recurso especial en materia de contratación está prevista no artigo 50 da LCSP, sendo o prazo de interposición de 15 días hábiles, contados dende o día seguinte a aquel en que se teña coñecemento do acto, de conformidade coa D.A.15º da LCSP.

Clasificar as ofertas admitidas atendendo á seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº DE ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	ARTEBLAMEL S.L.	81,57
2	MP DICLESA S.L.	69,64
3	TEXTIL CONTRACT DEVELOPMENT SLU	68,41
4	TEXTILES JAFEPAMA 2000	57,58
5	SOMEDE SUMINISTROS SANITARIOS SLU	55,23
6	CAFESA DIVISIÓN COMERCIAL S.L.	46,64
7	PAZ DISMAC S.L.	45,16
8	SUMINISTROS TÉCNICOS DE GALICIA S.L.	44,98
9	ALUMAT ACCESORIOS S.L.	26,46

Requirir á empresa ARTEBLAMEL S.L. para que, dentro do prazo de DEZ DÍAS HÁBILES, presente a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva por importe de 594,72 euros, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Contra o presente acto, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento”

Acta da Mesa de Contratación de 31 de maio de 2021, con CSV IV7EQDKZJ4ZP5FE32A4EKVLQ4M, que recolle o seguinte:



(...) “En canto o lote 5 cortinaxes, acórdase a suspensión do procedemento, á vista da interposición do recurso especial en materia de contratación nº 108/2021, interposto ante o TACGAL por VISUAL PROJECT MANAGEMENT S.L., contra a exclusión da súa oferta. A Mesa de Contratación acorda convocar nova sesión para aprobar a proposta de informe do órgano de contratación, solicitado polo TACGAL.” (...)

Acta da Mesa de Contratación de 3 de xuño de 2021, con CSV IV7EQOHY3YMY57EMWFWAC47X6E que recolle o seguinte:

(...) “CONCLUSIÓN

Por tanto, proponse á Presidencia a asunción do presente se así o estima oportuno, como informe do órgano de contratación concluíndo:

1.- Que procedería a desestimación do recurso ó resultar axustada a dereito exclusión do recorrente por non ter xustificado a súa oferta incurso en presunción de anormalidade.

2.- Dar traslado do presente como informe do órgano de contratación reclamado polo TACGAL, xunto co resto do expediente.”

Acta da Mesa de Contratación de 28 de xuño de 2021, con CSV IV7E5QC5BIUKTDUZZAZ4T6RYRME que recolle o seguinte:

(...) “Con data 15 de xuño de 2021, o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, TACGAL, ditou Resolución nº 108/2021 pola que estima o recurso interposto por VISUAL PROJECT MANAGEMENT S.L. contra a exclusión da súa oferta no lote 5 da contratación dunha subministración do equipamento para o centro de atención ás persoas maiores de Meira, expediente 2021/CON_02/000008 da Deputación de Lugo, nos seguintes termos:

“O cal determina a estimación do recurso presentado, anulando a exclusión impugnada e incorporando ao recorrente ao procedemento de licitación para que este continúe a súa tramitación segundo corresponda.”

En execución da Resolución 108/2021 do TACGAL, estimatoria do recurso, ó considerar:

"Debemos salientar que nos atopamos ante unha licitación na que o criterio de adxudicación principal foi o prezo, avaliado cun 85% do total dos puntos, unido ao prazo de garantía, polo que o propio órgano de contratación non pode penalizar unha oferta que utilizou ese camiño así establecido para gañar a licitación sen acreditar de forma motivada e suficiente que a oferta non é efectivamente viable e podería poñeren risco a correcta execución do contrato, algo que como vemos neste suposto non sucede.

Cómpre reiterar novamente que non é esixible en todo caso unha desagregación de cada un dos custos tidos en conta por un licitador para a conformación da súa oferta senón simplemente achegar aqueles elementos que considera necesarios para xustificar a súa viabilidade."

Visto así mesmo o contido da resolución cando sinala:

"En todo caso, este Tribunal ten xa manifestado en anteriores ocasións que nada impide ao órgano de contratación neste trámite xustificativo solicitar aquelas aclaracións que considere necesarias sobre aspectos concretos dos argumentos presentados polo licitador na defensa da súa proposta."

Polo tanto, o estrito cumprimento da Resolución 108/2021, implica:

Tanto incorporar ao licitador recorrente ao procedemento no momento en que se produciu a súa exclusión, como a observancia dos termos da Resolución respecto dos demais licitadores que se puideran atopar en idéntico suposto, en garantía do pleno respecto dos principios de igualdade, concorrancia e transparencia, reitores da contratación administrativa.

Considerando o anterior, a Mesa de contratación acorda por unanimidade propoñer que, pola Presidencia, se adopte a seguinte Resolución:

.- Incorporar ao recorrente ao procedemento de licitación e continuar a súa tramitación

.- Solicitar aclaración, sobre a xustificación da oferta presentada a outra licitadora en principio excluída, Rafitextil DTT 3.8, S.L.U., precisando os termos das súas alegacións de viabilidade para a execución do conxunto do subministro do lote 5 de acordo co establecido nos



pregos, no prazo de tres días hábiles.”

Acta da Mesa de Contratación de 16 de xullo de 2021, con CSV IV7EYQCQ7DX54Z6F4SIVS6YL64Y, que recolle o seguinte:

“Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade, elevar ao órgano de contratación o seguinte acordo:

LOTE 5 CORTINAXE:

Admitir a proposta presentada pola empresa RAFITEXTIL DTT 3.8, S.L.U., asumindo como propio o informe realizado polo Servizo de Benestar Social e Igualdade, con CSV IV7EYXYJHY5DVTEC7QQEOFTO4I

Clasificar as ofertas admitidas atendendo á seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº DE ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	RAFITEXTIL DTT 3.8, S.L.U.	100
2	VISUAL PROJECT MANAGEMENT SL	84,07
3	ARTEBLAMEL S.L.	81,57
4	MP DICLES S.L.	69,64
5	TEXTIL CONTRACT DEVELOPMENT SLU	68,41
6	TEXTILES JAFEPAMA 2000	57,58
7	SOMEDE SUMINISTROS SANITARIOS SLU	55,23
8	CAFESA DIVISIÓN COMERCIAL S.L.	46,64
9	PAZ DISMAC S.L.	45,16
10	SUMINISTROS TÉCNICOS DE GALICIA S.L.	44,98
11	ALUMAT ACCESORIOS S.L.	26,46

Requirir á empresa RAFITEXTIL DTT 3.8, S.L. para que, dentro do prazo de DEZ DÍAS HÁBILES, presente a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva por importe de

465,80 euros, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.”

Reunida a Mesa de Contratación a día de hoxe, 18 de agosto, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que a licitadora presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles dá acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa RAFITEXTIL DTT 3.8, S.L. a contratación da subministración do equipamento para o centro de atención ás persoas maiores de Meira, expediente 2021/CON_02/000008 LOTE 5 CORTINAXE por un importe de 9.316,00 euros aos se engadirán 1.956,36 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 11.272,36 euros, cun prazo de garantía para a totalidade dos produtos do lote de 5 anos e un prazo de entrega de dous meses desde a sinatura da acta de inicio.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa RAFITEXTIL DTT 3.8, S.L., con CIF B14546980, a contratación da subministración do equipamento para o centro de atención ás persoas maiores de



Meira (LOTE 5 CORTINAXES) por un importe de 9.316,00 euros aos se engadirán 1.956,36 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 11.272,36 euros, cun prazo de garantía para a totalidade dos produtos do lote de 5 anos.

2º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

3º.- O prazo máximo de entrega é de dous meses desde a sinatura da acta de inicio.

4º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

5º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

6º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo aos interesados”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN COA LICITACIÓN DE OBRAS.

Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: LUGO.- Reparación de fachadas Pazo Provincial.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: LUGO.- Reparación de fachadas Pazo Provincial, consta no mesmo:

Proxecto da obra LUGO.- Reparación de fachadas Pazo Provincial, redactado por D^a Ana Belén Mera Arias, Técnica Superior en Edificación e Obras.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7E3QHMCFP4WH2TQXBGUAQ4A

Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7E3QHMNZNTZTXMYRVW553U6U

Acta de Reformulo Previo, levantada en data 30/07/2021.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7GEH2ZJYJM5KM5YUVCMRXD4

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7EFTDNFNX2V3HTYIHNGF3UOQ

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7EFTDZOFZYTOMMBRONO5C6GM

Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: LUGO.- Reparación de fachadas Pazo Provincial, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131



da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 120.000,00 €, dos cales 20.826,45 € corresponden ao IVE (21%)”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o concello de Xermade, para a execución de fins común consistentes en: adquisición camión contraincendios.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, relativo á modificación ao convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Xermade, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Adquisición camión contraincendios, que dispón o seguinte:

“Antecedentes de feito:

Primeiro.- A Deputación mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 30/12/2020, prestou aprobación ao convenio interadministrativo entre a Excmá. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Xermade coa finalidade común de colaborar para a execución de fins comúns consistentes en: Adquisición camión contraincendios.

Segundo.- En data 30/12/2020 asinouse o convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Xermade no que entre outros se recollía na cláusula terceira, relativa ás obrigas do Concello de Xermade:

“(…)

e)Executar os investimentos relacionados obxecto deste convenio, na data límite do 30 de setembro de 2021”

Terceiro.- Don Roberto García Pernas, Alcalde do Concello de Xermade achega a Deputación de Lugo escrito debidamente asinado, con RE 2021RPE014568, de data 21/06/2021, a través do que manifesta “... licitada a subministración do citado camión declarouse deserta ao non presentarse ningunha oferta ...”, polo que Solicita se conceda prórroga ata o 30/11/2021 para execución e xustificación do convenio.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”

(…)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

- a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

Cuarto.- En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, concreta o contido dos mesmos, que se cumpre neste suposto.

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nen tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

Quinto.- A relación de cooperación interadministrativa coa administración municipal como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar

na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”. Estas relacións interadministrativas enraízan no título III da citada LRXSP.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)



O convenio implementa unha acción pública colaborativa, con mecanismos horizontais como unha manifestación da lóxica evolución do Estado prestacional ao Estado relacional, enfocado a desenvolver prestacións á cidadanía, mediante unha actuación adecuada e sumando esforzos administrativos, ben para acadar un resultado ou unha actividade. Neste suposto e dada a natureza das actuacións promovidas, fundamentalmente resultados concretos de campo de fútbol.

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

Sexto.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas lei das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenrolo económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

Sétimo.- O municipio de Xermade é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, entre as que enumera “ a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio ...; d) A infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; (...); h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local; (...); l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre; m) promoción da cultura e equipamentos culturais (...) O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que “os Municipios deberá prestar en todo caso: alumado público, abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, accesos a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas; b) Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes: parque público, biblioteca pública e tratamento de refugallo”. O apartado 2 deste mesmo artigo 26, sinala: “nos municipios con poboación inferior á 20.000 habitantes será a Deputación Provincial ou entidade equivalente a que coordinará a prestación dos seguintes servizos: a) Recollida e tratamento de residuos; b) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais; c) limpeza viaria; d) acceso aos núcleos de poboación; e) pavimentación de vías urbanas; (...)”

Ademais é de ter en conta o establecido na Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, que sinala no seu artigo 7 as competencias das entidades locais, entre elas “d) a ordenación da execución das obras necesarias para conservar e manter o chan e a biomasa vexetar nas condicións precisas que eviten os incendios....”. Así mesmo, o artigo 8, sobre a cooperación administrativa, sinala “as administracións públicas de Galicia colaborarán entre si, e cooperarán nas tarefas de prevención e loita contra os incendios forestais, aportando medios materiais, económicos e humanos á súa disposición...”.

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos Concellos ao igual que outras leis estatais sectoriais.



Ooitavo.- O Concello de Xermade, segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse polo mesmo a lexislación contractual e sectorial de aplicación, segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para cada investimento, sendo responsabilidade dese Concello tanto a obtención de autorizacións e licencias como o cumprimento dos condicionantes técnicos e legais para a execución do investimento e das actuacións sinaladas; así como a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras, recepción, conservación e mantemento e posta en funcionamento, tal e como se especifica no convenio interadministrativo obxecto deste informe. Naturalmente cabe a execución directa das prestacións polo propio Concello, a través de medios propios non personificados, de acordo co previsto no artigo 30 da LCSP.

Noveno.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal inter-administrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da lexislación xurídica xeral da Xunta de Galicia.

A potestade de auto organización e este sistema de cooperación horizontal desenvólvese mais polo miúdo na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e incorporación das directivas, en tanto que ambas administracións participantes actúan coa finalidade de garantir os servizos públicos que lles incumben.

A subscrición desta modificación do convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local. Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os

consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos. No convenio inclúese o cadro orzamentario e de financiamento con cargo a anualidade 2020.

O concello de Xermade será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación como previsión a incorporar ao convenio interadministrativo de acordo co previsto no artigo 49 da LRXSP.

Décimo.- A presente modificación ao convenio, non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”, precepto que se complementa con artigo 31 da propia LCSP relativo á potestade de auto organización e a cooperación pública horizontal. As entidades participantes non deben ter vocación de mercado; o convenio debe promover unha cooperación para garantir que servizos públicos que lles incumben, se presten de modo que se logren os obxectivos que teñen en común e que o desenvolvemento da cooperación se guíe unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

Nestes supostos de colaboración entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “conveniendi causa”), no é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta para a CCAA de Galicia o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

Décimo Primeiro.- Sobre a modificación interesada, o artigo 49 da lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, xa que se refire ao contido dos convenios e no seu



apartado 2 establece que “en cualquier momento antes de la finalización del plazo previsto para la vigencia del convenio, los firmantes podrán acordar unánimamente su prórroga por un período de hasta cuatro años adicionales o su extinción”.

Xa que logo, a cláusula quinta do dito convenio precisa que a súa vixencia comezará no momento da súa sinatura, e en todo caso a súa vixencia concluirá no momento en que por parte da Deputación se proceda á aprobación e pagamento da conta xustificativa, que deberá efectuarse antes do 31-12-2021, data na que, salvo prórroga previamente acordada, se extinguirá o convenio por vencemento do prazo.

En consecuencia o convenio neste momento está vixente, e as partes poden modificar, mediando acordo de vontade, algunha das súas determinacións; neste senso o artigo 49 letra g) da Lei 40/2015, prevé que os convenios entre administracións estipulen o réxime de modificación, se non existe regulación, requírese o acordo unánime dos asinantes. Neste caso prevese na cláusula sexta do convenio a modificación.

Vixente o convenio, este pode ser modificado polas partes, cos límites relatados de concorrencia de razóns de interese público e/ou semellantes motivadores da concesión e sen danar ou prexudicar a terceiros.

Media vontade das dúas partes para a modificación do convenio, para que a data límite para executar e xustificar as actuacións incluídas o convenio sexa o 30 de novembro de 2021.

Décimo Segundo.- En canto ao órgano competente, sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 202 de data 03 de setembro de 2020 en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, resulta a Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

Conclusión

Así pois a proposta de modificación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente.

É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

Por todo o exposto proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a modificación da data de execución dos investimentos do convenio interadministrativo entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o concello de Xermade coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Adquisición camiión contraincendios e que se recolle en addenda ao convenio, de tal xeito que a data para executar e xustificar os investimentos quede fixada na data límite do 30 de novembro de 2021”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lourenzá para a execución de fins común consistentes en: Contrución de depósito de incendios en cadros (Sto Tomé), incluído honorarios e mellora do inmoible da Casa da Xuventude e PAI de Lourenzá.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, relativo á modificación ao convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Lourenzá, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Contrución de depósito de incendios en cadros (Sto Tomé), incluído honorarios e mellora do inmoible da Casa da Xuventude e PAI de Lourenzá que dispón o seguinte:

“Antecedentes de feito:

Primeiro.- A Deputación mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 02/10/2020, prestou aprobación ao convenio interadministrativo entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lourenzá coa finalidade común de colaborar para a



execución de fins comúns consistentes en: Contrución de depósito de incendios en cadros (Sto Tomé), incluído honorarios e mellora do inmovible da Casa da Xuventude e PAI de Lourenzá.

Segundo.- En data 20/10/2020 asinouse o convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lourenzá no que entre outros se recollía na cláusula terceira, relativa ás obrigas do Concello de Lourenzá:

“(…)

e)Executar os investimentos relacionados obxecto deste convenio, na data límite do 30 de setembro de 2021”

Terceiro.- Dona Rocío López García, Alcaldesa do Concello de Lourenzá achega a Deputación de Lugo escrito debidamente asinado, con RE 2021RPE021085, de data 22/07/2021, a través do que manifesta “... debido á tardanza na concesión do permiso do organismo autónomo Augas de Galicia para a concesión do caudal” Solicita se conceda prórroga ata o 31/10/2021 para a execución do convenio.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”
(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

- a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

Cuarto.- En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, concreta o contido dos mesmos, que se cumpre neste suposto.

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nen tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

Quinto.- A relación de cooperación interadministrativa coa administración municipal como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos



principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activa que as outras administracións puidieran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”. Estas relacións interadministrativas enraízan no título III da citada LRXSP.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)”

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)

O convenio implementa unha acción pública colaborativa, con mecanismos horizontais como unha manifestación da lóxica evolución do Estado prestacional ao Estado relacional, enfocado a desenvolver prestacións á cidadanía, mediante unha actuación adecuada e sumando esforzos administrativos, ben para acadar un resultado ou unha actividade. Neste suposto e dada a natureza das actuacións promovidas, fundamentalmente resultados concretos de campo de fútbol.

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

Sexto.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa

formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

Sétimo.- O municipio de Lourenzá é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, entre as que enumera “ a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio ...; d) A infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; (...); h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local; (...); l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre; m) promoción da cultura e equipamentos culturais (...) A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos Concellos ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Oitavo.- O Concello de Lourenzá, segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse polo mesmo a lexislación contractual e sectorial de aplicación , segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para cada investimento, sendo responsabilidade dese Concello tanto a obtención de autorizacións e licencias como o cumprimento dos condicionantes técnicos e legais para a execución do investimento e das actuacións sinaladas; así como a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras, recepción, conservación e mantemento e posta en funcionamento, tal e como se especifica no convenio interadministrativo obxecto deste informe. Naturalmente cabe a execución directa das prestacións polo propio Concello, a través de medios propios non personificados, de acordo co previsto no artigo 30 da LCSP.

Noveno.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal

inter-administrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da lexislación xurídica xeral da Xunta de Galicia.

A potestade de auto organización e este sistema de cooperación horizontal desenvólvese mais polo miúdo na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e incorporación das directivas, en tanto que ambas administracións participantes actúan coa finalidade de garantir os servizos públicos que lles incumben.

A subscrición desta modificación do convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85 , de Bases de réxime local. Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos. No convenio inclúese o cadro orzamentario e de financiamento con cargo a anualidade 2020.

O concello de Lourenzá será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación como previsión a incorporar ao convenio interadministrativo de acordo co previsto no artigo 49 da LRXSP.

Décimo.- A presente modificación ao convenio, non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”, precepto que se complementa con artigo 31 da propia LCSP relativo á potestade de auto organización e a cooperación pública horizontal. As entidades participantes non deben ter vocación de mercado; o convenio debe promover unha cooperación para garantir que servizos públicos que lles incumben, se presten de



modo que se logren os obxectivos que teñen en común e que o desenvolvemento da cooperación se guíe unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

Nestes supostos de colaboración entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “conveniendi causa”), no é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta para a CCAA de Galicia o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

Décimo Primeiro.- Sobre a modificación interesada, o artigo 49 da lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, xa que se refire ao contido dos convenios e no seu apartado 2 establece que “en cualquier momento antes de la finalización del plazo previsto para la vigencia del convenio, los firmantes podrán acordar unánimamente su prórroga por un período de hasta cuatro años adicionales o su extinción”.

Xa que logo, a cláusula quinta do dito convenio precisa que a súa vixencia comezará no momento da súa sinatura, e en todo caso a súa vixencia concluírá no momento en que por parte da Deputación se proceda á aprobación e pagamento da conta xustificativa, que deberá efectuarse antes do 31-12-2021, data na que, salvo prórroga previamente acordada, se extinguirá o convenio por vencemento do prazo.

En consecuencia o convenio neste momento está vixente, e as partes poden modificar, mediando acordo de vontade, algunha das súas determinacións; neste senso o artigo 49 letra g) da Lei 40/2015, prevé que os convenios entre administracións estipulen o réxime de modificación, se non existe regulación, requírese o acordo unánime dos asinantes. Neste caso prevese na cláusula sexta do convenio a modificación.

Vixente o convenio, este pode ser modificado polas partes, cos límites relatados de concorrencia de razóns de interese público e/ou semellantes motivadores da concesión e sen danar ou prexudicar a terceiros.

Media vontade das dúas partes para a modificación do convenio, para que a data límite para executar as actuacións incluídas o convenio sexa o 31 de outubro de 2021.

Décimo Segundo.- En canto ao órgano competente, sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 202 de data 03 de setembro de 2020 en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, resulta a Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

Conclusión

Así pois a proposta de modificación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente.

É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

Por todo o exposto propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a modificación da data límite para a execución dos investimentos do convenio interadministrativo entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o concello de Lourenzá coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Contrución de depósito de incendios en cadros (Sto Tomé), incluído honorarios e mellora do inmovible da Casa da Xuventude e PAI de Lourenzá, e que se recolle en addenda ao convenio, de tal xeito que a data para executar os investimentos quede fixada na data límite do 31 de outubro de 2021”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN CON REMANENTES DO PLAN ÚNICO 2021.

- Escrito do concello de Láncara, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación do investimento 128-129-130 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Láncara, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (128-129-130) no Plan Único de Cooperación cos concellos 2021, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 29/12/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan do PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2021. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 12/01/2021.

Nas devanditas bases, concretamente na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento /actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2022, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse na data límite do 31 de outubro de 2022 e xustificaranse na data límite do 15 de novembro de 2022, sendo de aplicación tamén o mesmo réxime de prórrogas.

...

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 30/03/2021, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

O Concello de Láncara presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DEPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
LÁNCARA	128	MELLORA DA VÍA MUNICIPAL ENTRE LÁNCARA E A LAMA	1531.76201	11.593,08€
	129	MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS EN VIGO DE GALEGOS	1531.76201	14.556,74€
	130	MELLORA DE FIRME DA RÚA ESTACIÓN	1532.76201	9.618,77€

Por escrito con RE nº 2021RT013143 de data 13/08/2021 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguinte actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERTEMENTO
LÁNCARA	REM	MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS EN TOUBILLE	1531.76201	12.754,91€	26.149,82€	38.904,73€
	REM	MELLORA DE FIRME CRUCE RUAS ROSALÍA DE CASTRO E CONCEPCIÓN ARENAL	1532.76201	53702,69€	9.618,77€	15.321,46€



Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 11 das do Plan único 2021, “...Os investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Láncara, no Plan único 2021.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”

Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, relativo á corrección de erros, no que entre outros indica:

“(...

A vista do anterior, Informase favorablemente a corrección do erro, do xeito que, onde se indica:

“

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERTIMENTO
LÁNCARA	REM	MELLORA DE FIRME CRUCE RUAS ROSALÍA DE CASTRO E CONCEPCIÓN ARENAL	1532.76201	53702,69€	9.618,77€	15.321,46€

debería dicirse:

“

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERTIMENTO
LÁNCARA	REM	MELLORA DE FIRME CRUCE RUAS ROSALÍA DE CASTRO E CONCEPCIÓN ARENAL	1532.76201	5.702,69€	9.618,77€	15.321,46€

E canto procede informar, sen prexuízo de mellor criterio fundado en dereito.

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Láncara e incluír no PUC/21, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERTIMENTO
LÁNCARA	REM	MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS EN TOUBILLE	1531.76201	12.754,91€	26.149,82€	38.904,73€
	REM	MELLORA DE FIRME CRUCE RUAS ROSALÍA DE CASTRO E CONCEPCIÓN ARENAL	1532.76201	5.702,69€	9.618,77€	15.321,46€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE ESTIMACIÓN, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE DO ALCALDE DO CONCELLO DE BURELA, DE CAMBIO DE DESTINO DE FONDOS DO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2021

Logo de ver a proposta do deputado delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, a teor do seguinte texto:

“Á vista solicitude do Concello de Burela formulada polo seu alcalde no que expón “... *Dada a emerxencia sanitaria por mor do coronavirus (Covid-19), non é posible a realización dunha das actividades incluídas dentro do Programa de Actividades Deportivas 2021 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. Polo que se solicita o cambio da seguinte actividade: torneo fútbol sala “Heroes do Orzan” pola actividade “Clausura escolar deportivas verán 2021”.*

Á vista do informe do servizo de Deporte do seguinte teor literal:



«Informe relativo a solicitude do Alcalde do concello de Burela de destinar os fondos concedidos para a realización das actuacións recollidas dentro do “Programa de celebración de actividades deportivas” á execución das actuacións “V Carreira Popular Burela Bonita, clausura escolas deportivas verán 2021, e VI Torneo Marosa CUP”, do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021.

Vista a solicitude de Nº expediente: 2021/PES_03/015105 e nº rexistro 2021RT012369 de data 28/07/2021 13:15:26 polo alcalde do Concello de Burela no que expón “... Dada a emerxencia sanitaria por mor do coronavirus (Covid-19), non é posible a realización dunha das actividades incluídas dentro do Programa de Actividades Deportivas 2021 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. Polo que se solicita o cambio da seguinte actividade: Torneo Fútbol Sala “Heroes do Orzan” pola actividade “Clausura escolas deportivas verán 2021”, emítase o seguinte informe,

Antecedentes

Primeiro. O Pleno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrado o 29 de decembro de 2020, acordou a aprobación das Bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2021, publicadas no BOP nº 008, do martes 12 de xaneiro de 2021.

A base 22ª.- determina que:

A xestión do Plan único será levada a cabo polos seguintes servizos da Deputación:

(...)

e. Programa de actividades deportivas: Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica – Servizo de Deportes

Pola súa parte, a Base B.5.- Programa de actividades deportivas, reflicte que con carácter xeral os concellos poderán destinar, a actividades deportivas, con cargo ao Plan único 2021 da Deputación de Lugo a cantidade que cada Concello determine, fixándose un gasto mínimo por actividade de 1.500,00€, non podendo solicitar actividades con gasto inferior, correspondentes ao exercicio natural de 2021. Atenderase ao establecido na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, en canto ás competencias e funcións atribuídas aos Concellos e ás Deputacións.

Segundo. O alcalde do Concello de Burela presentou, en data 10/02/2021 14:54:54 e nº rexistro 2021RPS001695, solicitude de participación no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2021.

No relativo ao Programa de actividades deportivas, o Concello de Burela formulaba como actividades a desenvolver “V Carreira Popular Burela Bonita, Torneo Fútbol Sala Héroes do Orzán, e VI Torneo Marosa Cup”, cunha achega da Deputación Provincial por importe total de 9.900,00 €.

Terceiro. O Pleno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 31 de marzo de 2021, acordou a aprobación do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2021, no que se contempla unha achega de 9.900,00 € para a Programa de actividades deportivas: “V Carreira Popular Burela Bonita, Torneo Fútbol Sala Héroes do Orzán, e VI Torneo Marosa Cup”.

Cuarto. O Alcalde do Concello de Burela solicita en expediente: 2021/PES_03/015105 e nº rexistro 2021RT012369 de data 28/07/2021, solicita “o cambio da seguinte actividade: Torneo Fútbol Sala “Heroes do Orzan” pola actividade “Clausura escolas deportivas verán 2021” e por tanto destinar o importe concedido 9.900,00 € para a realización das actuacións recollidas no Programa de actividades deportivas do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2021 aprobado no Pleno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 31 de marzo de 2021: “V Carreira Popular Burela Bonita, Torneo Fútbol Sala Héroes do Orzán, e VI Torneo Marosa Cup”, modificando e substituíndo unha das accións deportivas previstas pola execución das seguintes actividades: “V Carreira Popular Burela Bonita, Clausura Escolas Deportivas Verán 2021, e VI Torneo Marosa Cup”.

Quinto. Ha de terse en conta que o Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2021 contempla, na súa Base 17.2. Resto Programas, que os concellos poderán solicitar motivadamente a modificación/substitución das actividades, actuacións ou eventos, con anterioridade á data límite do vencemento de cada programa, que será tramitada por cada unidade xestora dos distintos programas e aprobada, de proceder, pola Xunta de Goberno da Deputación.

Cómpre lembrar que segundo o reflectido na Base 18.7 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 “a efectos de xustificación deberá presentarse no Rexistro Xeral da Deputación na data límite do 31 de marzo de 2022, a conta xustificativa”.

Sexto. E que así mesmo, as Bases do referido Plan prevén na súa Base 11.2 que “Os remanentes ou aforros producidos en cada programa, poderán ser utilizados en outras actividades, eventos ou actuacións, sempre que sexan da mesma tipoloxía e non supoña modificación orzamentaria (é dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que aquel no que se producira a baixa ou aforro) previa proposta do Concello presentada con anterioridade á data límite do vencemento do programa e aprobada pola Xunta de Goberno da Deputación. Cada área xestora tramitará a concesión de aforros ou remanentes producidos, de ser o caso.”

Sétimo. No relativo ao órgano de aprobación, cabería concluír que por analoxía e para supostos de solicitudes coma o que se propón por parte do Concello de Burela, debería entenderse a Xunta de Goberno como órgano competente para estimar ou desestimar as solicitudes de cambio de realización de actividades contempladas no Plan Único.

Así mesmo, cómpre lembrar o previsto no o Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que no seu artigo 172 dispón expresamente que “os créditos para gastos destinaranse exclusivamente á finalidade específica para a cal houberan sido autorizados no presuposto xeral da entidade local ou polas súas modificacións debidamente aprobadas”.

En consecuencia, á vista do exposto e a xuízo de quen asina, procedería estimar a solicitude formulada polo Concello de Burela para “V Carreira Popular Burela Bonita, Clausura Escolas Deportivas Verán 2021, e VI Torneo Marosa Cup”, por entender que cumpriría cos requisitos previstos nas Bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2021, dado que a modificación proposta relativa a destinar os importes da achega provincial para o programa de actividade deportivas, suporía no seu caso a realización de actividades que serían da mesma tipoloxía, tendo en conta que a actividade proposta, se axustaría ao fomento de actividades deportivas de mantemento e exercicio físico e de promoción de hábitos saudables, e entendendo

por tanto, - e a salvo da valoración por parte do servizo de Intervención respecto desta cuestión-, que non suporían unha modificación orzamentaria.

Tal é o que procede informar ao respecto, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en Dereito”.

Á vista do informe do servizo de Intervención.

Por todo o exposto proponse á Xunta de Goberno que adopte o seguinte acordo:

Estimar, en base ao establecido na Base 11.2 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, a solicitude do alcalde do Concello de Burela de modificación de actividades deportivas para destinar os fondos ás actividades “V Carreira Popular Burela Bonita, Clausura Escolas Deportivas Verán 2021, e VI Torneo Marosa Cup”, por entender que cumpriría cos requisitos previstos nas Bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2021, dado que a modificación proposta consistiría na realización de actividades que serían da mesma tipoloxía e non suporían modificación orzamentaria”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Conta de Sentenza nº10/2021, de 3 de febreiro, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo no Procedemento Abreviado 235/2020.

Dáse conta da Sentenza nº 10/2021, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, no Procedemento Abreviado 235/2020 seguido a instancia de ALLIANZ Compañía de Seguros Sociedad Anónima e D. Iván López Fernández fronte á resolución de data 28 de outubro de 2020 na que se desestima a reclamación de indemnización de danos e prexuízos por responsabilidade patrimonial promovida en data 17 de xuño de 2020; e en cuxo fallo di o seguinte: “*Que debo desestimar e desestimo el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la*



representación procesal de Allianz y D. Iván López Fernández frente a la Excm. Diputación Provincial de Lugo, seguido como proceso abreviado número 235/2020 ante este Juzgado, contra la resolución administrativa citada en el encabezamiento de esta Sentencia, que se declara conforme al ordenamiento jurídico”.

A Xunta de Goberno queda enterada.

ASUNTOS DE URXENCIA

Fóra da Orde do Día, e previa declaración de urxencia acordada por unanimidade dos asistentes, adóptase o seguinte acordo:

Proposta de adxudicación do procedemento para o alleamento de diversas cabezas de gando da Granxa Provincial Gayoso Castro, mediante a celebración dunha poxa.

Logo de ver a proposta do Deputado delegado da Área de Recursos Sostibles, do seguinte teor:

“Tendo en conta que a Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 16 de xullo de 2021, adoptou entre outros, o acordo alleamento de diversas cabezas de gando da Granxa Provincial Gayoso Castro mediante a celebración dunha poxa aprobando o prego reitor e ordenando a oportuna publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Vista a publicación de anuncio de aprobación do prego de cláusulas administrativas que rexerá no dito procedemento no BOP nº 164 do 20 de xullo de 2021.

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes de participación na convocatoria pública celébrase a poxa o décimo día natural a contar dende o seguinte á dita publicación, que se corresponde co 29 de xullo de 2021 e de cuxo resultado redactáronse as pertinentes actas.

Vistas as actas das reunións da Mesa de poxa asinadas o 04.08.2021 e o 13.08.2021 e visto o informe asinado o 13.08.2021 pola Sección de Patrimonio baixo o CSV IV7EFS73HRMSR3XN25OXEQAGGU, e visto o informe favorable da Intervención provincial de 19.08.21 baixo o CSVIV7EG7P7PHVCXZBI6RAEKQQR6Y.

Tendo en conta que se trata dun procedemento de alleamento de cabezas de gando que están ocupando un espacio necesario para o resto dos animais que se van incorporado á Granxa Gaioso Castro por nacemento de novas crías entre outros, ademáis dun custo económico engadido polo mantemento alimentario e gastos veterinarios, ademáis da premura que teñen os adxudicatarios de incorporar o gando ás súas explotacións gandeiras, e polo que se Propón á Xunta de Goberno elevar a definitiva a proposta de adxudicación feita pola Mesa de Poxa coa adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a urxencia da adxudicación do procedemento para o alleamento de diversas cabezas de gando da Granxa Provincial Gaioso Castro mediante a celebración dunha poxa.

SEGUNDO. Emendar o erro na determinación do sexo das seguintes crías

Lote 1. Vacas de raza cachena con cría ao pé

N.º Identificación da nai	N.º Identificación da cría	Sexo da cría
ES041112099183	ES001112905926	macho femia
ES091112099202	ES011112905927	femia macho

TERCEIRO. Aceptar as solicitudes de rectificación de representación de dous dos licitadores que, actuando en nome propio o día da poxa e identificados como licitadores nº 18 e nº 20, presentan en ambos casos un apoderamento para actuar por representación de Cárnicas Champam, SLU e de Semillas Lage, S.L. respectivamente.

CUARTO. Excluir do procedemento a oferta presentada polo licitador José Rodríguez Teijeiro por constar débedas pendentes segundo o contido dos certificados de obrigas tributarias e coa Seguridade Social expedidos ao seu nome. Sinálase que para o animal interesado por este licitador non se sostén ningunha outra oferta e sendo a ofrecida a seguinte: Número 10. José Rodríguez Teijeiro



Lote 4. Animais machos de raza cachena de entre 1 e 2 anos.

N ^a crotal	Prezo
ES011112366617	720 €+IVE

QUINTO. Adxudicar o procedemento de alleamento de diversas cabezas de gando da Granxa Provincial Gayoso Castro mediante a celebración dunha poxa a favor dos licitadores e ofertas seguintes:

Número 1. David Otero Fernández.

Lote 1. Vacas de raza cachena con cría ao pé

N.º Identificación da nai	N.º Identificación da cría	Sexo da cría	Prezo ES061109353738
ES011113398780	femia	1.410 €+IVE	
TOTAL			1.410 €+ IVE

Número 5. Milagros Josefa Otero Díaz

Lote 1. Vacas de raza cachena con cría ao pé

N.º Identificación da nai	N.º Identificación da cría	Sexo da cría	Prezo
ES071111210385	ES091113398744	macho	870 €+ IVE
TOTAL			870 €+ IVE

Número 6. Francisco Javier Fernández Varela

Lote 5 . Machos de vacún maior de raza frisoa (Machos)

N ^a crotal	Prezo
ES011111210403	2.600 €+IVE
ES041112748129	750 €+ IVE
ES091112905890	500 €+ IVE
ES061112905897	600 €+ IVE
ES081112905899	600 €+ IVE
ES011112905905	500 €+ IVE

Lote 3 . Xatos frisóns de mais de 50 días

N ^a crotal	Prezo
ES001112905915	300 €+ IVE
ES011112905916	380 €+ IVE
ES091112905914	300 €+ IVE
ES081112748123	700 €+ IVE
ES021113398747	200 €+ IVE

Lote 4. Xatos frisóns de menos de 50 días

Nª crotal	Prezo
ES021113398758	160 €+ IVE

Lote 1. Vacas de raza cachena con cría ao pé

N.º Identificación da nai	N.º Identificación da cría	Sexo da cría	Prezo
ES051111236611	ES081113398765	femia	1.100 €+IVE
TOTAL			8.690€+ IVE

Número 8. Marta Carballo Alvarez

Lote 1. Vacas de raza cachena con cría ao pé

N.º Identificación da nai	N.º Identificación da cría	Sexo da cría	Prezo
ES001112366616	ES071113398753	macho	930€+ IVE
ES031110833166	ES031113398748	macho	920 €+ IVE
ES071110473586	ES071113398742	macho	770 €+ IVE
ES011112099180	ES061113398741	macho	900 €+ IVE
ES051111946855	ES051113398784	macho	940 €+ IVE

Lote 2. Vacas de raza cachena

Nª crotal	Prezo
ES091108134296	910 €+ IVE

Lote 4. Animais machos de raza cachena de entre 1 e 2 anos.

Nº crotal	Prezo
ES001112366592	880 €+ IVE
TOTAL	
	6.250 €+ IVE

Número 9. Ganados Jose 2012, S.L

Lote 1. Femias de vacún maior de raza frisona (Vacas)

Nª crotal	Prezo
ES011109353755	1.300 €+IVE
ES081110833183	1.900 €+IVE

Lote 2 . Xatos frisóns carniceiros

Nª crotal	Prezo
ES011112748137	950 €+IVE
ES021112748138	900 €+IVE
ES001112748125	650 €+IVE
ES061112905900	480 €+IVE



Lote 3 . Xatos frisóns de mais de 50 días

Nª crotal	Prezo
ES071112905912	400 €+IVE

Lote 1. Vacas de raza cachena con cría ao pé

N.º Identificación da nai	N.º Identificación da cría	Sexo da cría	Prezo
ES091112099202	ES011112905927	macho	1.000 €+IVE
ES011111058992	ES071113398786	macho	1.260 €+IVE

Lote 2. Vacas de raza cachena

Nª crotal	Prezo
ES021110833176	920 €+IVE

Lote 4. Animais machos de raza cachena de entre 1 e 2 anos.

Nª crotal	Prezo
ES071112366588	710 €+IVE
ES091112366637	700 €+IVE

TOTAL 11.170 €+IVE

Número 11. Ganadería Autóctona, S.L.U

Lote 1. Vacas de raza cachena con cría ao pé

N.º Identificación da nai	N.º Identificación da cría	Sexo da cría	Prezo
ES031111058994	ES081113398743	macho	710 €+IVE
ES041111004722	ES021112905928	macho	710 €+IVE
ES081112366589	ES031113398759	femia	950 €+IVE

TOTAL 2.370 €+IVE

Número 18. Cárnica Champam, SLU

Lote 1. Femias de vacún maior de raza frisona (Vacas)

Nª crotal	Prezo
ES091109775508	1.550 €+IVE
ES091110473624	3.150 €+IVE
ES061110473596	1.500 €+IVE

Lote 1. Vacas de raza cachena con cría ao pé

N.º Identificación da nai	N.º Identificación da cría	Sexo da cría	Prezo
ES031110833177	ES041113398749	macho	960 €+ IVE
ES041112099183	ES001112905926	femia	970 €+ IVE
ES041111058984	ES051113398740	macho	930 €+ IVE
ES071106506809	ES021113398781	femia	1.010€+ IVE
ES041111004700	ES041113398783	femia	1.160 €+IVE

ES031111058983 ES001113398767 femia 1.130 €+IVE

Lote 2. Vacas de raza cachena

N^a crotal Prezo
ES091111210398 750 €+ IVE

TOTAL 13.110 €+ IVE

Número 20. Semillas Lage, S.L

Lote 1. Vacas de raza cachena con cría ao pé

N.º Identificación da nai N.º Identificación da cría Sexo da cría Prezo
ES041111946854 ES061112905924 macho 950 €+IVE

Lote 3. Xovencas de raza cachena ata 2 anos de idade

N^a crotal Prezo
ES061112748121 730 €+IVE

TOTAL 1.680 €+IVE

Número 24. Ganados Cudeiro, S.L

Lote 1. Femias de vacún maior de raza frisona (Vacas)

N^a crotal Prezo
ES011110473626 3.050 €+IVE
ES011110473580 800 €+IVE

Lote 2. Xatos frisóns carniceiros

N^a crotal Prezo
ES011112905892 850 €+IVE
ES071112905898 700 €+IVE

TOTAL 5.400 €+IVE

SEXTO. Formalizar a transmisión das titularidades dos devanditos semoventes previo o seu pagamento.

SÉTIMO. Declarar deserta a licitación, cun prezo de saída de 480 €/animal, do seguinte :

Raza	Lote 2 .	Crotal/NPU	Sexo	Nacemento
Frisón	Xatos frisóns carniceiros	ES031112905907	Macho	05/09/2020



OITAVO. Declarar que os seguintes animais poderán ser ser obxecto de alleamento mediante adxudicación directa polo prezo de saída:

Raza	Lote .	Crotal/NPU	Sexo	Nacemento	Prezo saída
Frisón	Lote 2. Xatos frisóns carniceiros	ES031112905907	Macho	05/09/20	480 €/ animal
Cachena	Lote 4. Animais machos de raza cachena de entre 1 e 2 anos	ES011112366617	Macho	14/03/19	396 €/ animal

NOVENO. Realizar as anotacións pertinentes no Libro de Inventario de Bens e Dereitos”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

9.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e quince minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.